

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|-----------------|----------|---------------|
| 27013703 | CEIP de Quiroga | Quiroga | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Lingua galega e literatura | 3º Pri. | 4 | 140 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 37 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 37 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 37 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 38 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 39 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 40 |
| 7.2. Actividades complementarias | 41 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 42 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 43 |
| 9. Outros apartados | 43 |

1. Introducción

A presente Programación Didáctica (PD) está enmarcada no Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia así como na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación. A maiores, tamén teremos presente a Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia así como a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria.

O CEIP de Quiroga enmárcase nunha zona rural do sur-leste da provincia de Lugo que abarca unha superficie de 324 km² e ten unha poboación aproximada de 3.328 habitantes, repartida en 22 parroquias e 123 entidades singulares de poboación. Todas as parroquias son de carácter rural a excepción da de Quiroga na que está emplazada a capitalidade municipal e o centro escolar.

Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar en termos xerais como pertencente a un estrato medio a medio-baixo. A desaparición do tecido industrial extractivo da lousa, a grave crise económica que se está a sufrir a nivel mundial xunto coa inflación que esta provoca, ocasionan que parte da poboación se atope en condicións salariais precarias ou careza delas. A estes datos debemos engadir que nos últimos anos a poboación do municipio viuse incrementada pola chegada de familias inmigrantes procedentes de países tan diversos como China, Cuba, Venezuela, Marrocos, Ucraína. Tamén é significativo o número de familias que regresaron ao municipio procedentes doutras comunidades autónomas e o feito de que hai unha numerosa poboación de etnia xitana asentada nun poboado a 2 km do centro escolar.

A actividade económica basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, Escola infantil, IES ..., así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. O centro conta con Departamento de Orientación compartido con outro centro (CEIP de San Clodio), polo que si é preciso contaremos con el, xa que hai alumnado que na aula de 3º hai alumnado con necesidades. A biblioteca do centro forma parte do PLAMBE e, ademais, tamén participamos nos seguintes programas: INCLÚE-T, CONVIVE-T, E-DIXGAL, Plan Proxecta e PROA+.

Concretamente, prestaremos a nosa atención ao grupo glase de 3º de EP formado por 15 alumnos/as (9 nenos e 6 nenas) con idades comprendidas entre os oito e nove anos. Como característica singular destacaríase que é un grupo cunha gran diversidade polo que todos os aspectos que derivan dela serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

Centrándonos na propia área de Lingua Galega e Literatura, hai que destacar o carácter instrumental da lingua, como elemento esencial da comunicación. Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aquelas outras que pertencen a súa contorna e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

Así pois, estruturamos esta área en 6 bloques que definen os obxectivos e os contidos básicos: - A lingua e os seus falantes. -Comunicación oral. -Comunicación escrita. - Alfabetización mediática e informacional. -Educación literaria. - Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais. Formúlanse 12 unidades didácticas nas que desenvolveremos a totalidade dos bloques de contidos durante o curso escolar.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|-----|------|---------|-------|-----|----|------|
| OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas. | 2 | 2 | 1 | 3 | 3 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |
| OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos. | 2-3-5 | 2 | 1 | 1 | 4-5 | | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 5 | 2 | 3 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-------|----|------|----|-------|-------|----|---------|
| OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria. | 1-2-4 | | | | | | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Que escola queremos? | A comunicación O dicionario A linguaxe e as linguas Poesía | 5 | 10 | X | | |
| 2 | Somos o que comemos | O son K A palabras. Clases de palabras A noticia. O conto. | 5 | 10 | X | | |
| 3 | Iguais e diferentes | Palabras polisémicas. | 10 | 12 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|--------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 3 | Iguais e diferentes | O son g. A diérese. Os substantivos. Xénero e número A rima A entrevista | 10 | 12 | X | | |
| 4 | Como nos coidamos? | Palabras homónimas. O son z. O adxectivo. O slogan. A enquisa | 10 | 12 | X | | |
| 5 | Onde vivimos? | Palabras sinónimas. Palabras con b. Os artigos. A descrición. O texto teatral | 5 | 12 | | X | |
| 6 | Convivimos cos animais | Palabras antónimas. Palabras con v Os demostrativos. Texto descritivo | 5 | 12 | | X | |
| 7 | Que futuro ten o planeta? | As lendas. Palabras onomatopeicas Palabras con h Os posesivos. Recursos literarios | 10 | 12 | | X | |
| 8 | Salvem os animais e as plantas | Palabras compostas. Palabras con x e con ll. Os numerais e os indefinidos. Textos instrutivos. | 10 | 12 | | X | |
| 9 | Como nos divertimos | Palabras derivadas. As contraccións do artigo. Os pronomes persoais. As instrucións. | 10 | 12 | | | X |
| 10 | Ciencia ao alcance | Os diminutivos e os aumentativos. O uso do guión. O verbo. O texto explicativo. | 10 | 12 | | | X |
| 11 | Realidade ou ficción? | Os xentilicios. O punto, a interrogación e a admiración. A oración. Suxeito e predicado. Texto teatral. | 10 | 12 | | | X |
| 12 | Farémonos oír | As fábulas. A familia de palabras. A coma. Clases de oracións. Páxina web | 10 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|----------------------|----------|
| 1 | Que escola queremos? | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas. | Recoñece a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade bilingüe de Galicia | PE | 55 |
| CA2.1.1. - Comprender o sentido dos contos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprende o sentido global dun conto e identifica a idea principal | | |
| CA2.2.1. - Empregar o dicionario | Busca palabras no dicionario | | |
| CA2.3 - Identificar, de maneira acompañada, o contido de textos orais e multimodais diversos, valorando a información máis relevante. | Comprende as ideas principais dun texto. Asocia ilustracións co contido dun texto. | | |
| CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada. | Recoñece os sons, as grafías e o alfabeto en galego Ordena palabras alfabeticamente | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | Escribe palabras que concorden en xénero e número. | | |
| CA6.6.1. - Empregar o dicionario | Busca dúas palabras no dicionario. | | |
| CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar. | Mostra interese e respecto polos textos orais, escritos, signados ou multimodais sinxelos en lingua galega | TI | 45 |
| CA3.1.1. - Ler de maneira silenciosa e en voz alta contos sinxelos, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | Le de forma silenciosa e en voz alta contos sinxelos | | |
| CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación de mellora e o gusto pola lectura. | Mostra interese polos libros da biblioteca de aula. | | |
| CA3.10 - Construír, a través da linguaxe e de forma progresiva, un pensamento crítico para evitar discriminacións e prexuízos. | Emprega unha linguaxe axeitada e non discriminatoria. | | |
| CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e de centro para localizar libros axeitados ao seu gusto persoal e intereses. | Utiliza semanalmente a biblioteca de centro e de aula como fonte de pracer e/ou información. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA5.1.1. - Ler de maneira autónoma ou acompañada contos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Le de forma autónoma un conto | | |
| CA5.4 - Identificar a biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas. | Coñecer a organización e funcionamento da biblioteca da aula e do centro | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | | Baleiro | 0 |
| CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás. | | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | | | |
| CA6.6 - Progresar na adquisición de vocabulario galego a través dos textos. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Valoración social equilibrada das dúas linguas oficiais de Galicia. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Contexto - Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo. - Xéneros discursivos - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Estratexias de interpretación de elementos básicos da comunicación non verbal. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Contexto |

Contidos

- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián.
- Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes).
- Procesos: comprensión lectora.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Procesos: produción escrita
- Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Funcionamento da biblioteca da aula ou do centro como escenario de actividades literarias compartidas.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Aproximación aos sons e as grafías.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------|----------|
| 2 | Somos o que comemos | 10 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|----|----|
| CA2.1.2. - Comprender o sentido dos textos informativos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprende o sentido dunha noticia. | PE | 65 |
| CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Redacta unha noticia sobre a temática do Samaín. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.. | Aprender as clases de palabras. Diferenciar palabras monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas. Ter unha letra lexible e coidar a presentación | | |
| CA6.2.1. - Producir noticias que inclúan palabras co son k | Escribir unha breve noticia. Distinguir o son k | | |
| CA6.3.1. - Recoñecer a palabra e as clases de palabras. | Recoñece nomes, adxectivos e verbos. | | |
| CA6.5.2. - Aplicar os coñecementos sobre o son k | Recoñecer palabras con ca, que, qui, co, cu | | |
| CA3.1.2. - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos informativos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | Le de maneira silenciosa e en voz alta noticias. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información. | Diferenciar entre de fontes fiables de fontes non fiables. | TI | 35 |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler en voz alta e en silencio a un ritmo axeitado. | | |
| CA6.2.2. - Producir entrevistas | Realiza unha entrevista sobre o samalín no centro. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | | Baleiro | 0 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|------------------------|----|---|
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | | | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución oral de textos en lingua galega. - Procesos: comprensión oral - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Procesos: produción oral. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega. - Procesos: comprensión lectora. - Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo. - Procesos: produción escrita - Creación de textos utilizando a lingua galega con intención informativa: carteis, anuncios, pequenos cómics. - Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita das compañeiras e os compañeiros. - Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información. - Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores. - Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - As palabras. Clases de palabras. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - O son K |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 3 | Iguais e diferentes | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.1.2. - Comprender o sentido dos textos informativos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprender o sentido dunha entretivista. | PE | 60 |
| CA3.6.1. - Producir textos informativos escritos sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Redactar un boceto dunha entrevista. | | |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Procurar información en diferentes fontes seleccionando e organizando ben a información Procurar no dicionario as palabras que non coñece dun texto. | | |
| CA6.5.1. - Aplicar os coñecementos sobre o son g e a diérese. | Recoñecer as palabras que se escriben con g. Utilizar a diérese. | | |
| CA6.5.4. - Recoñecer os substantivos e os adxectivos nas oracións | Recoñecer os substantivos. Diferenciar o xénero e o número nos substantivos. | | |
| CA2.4.1. - Elaborar textos informativos orais | Realizar unha entrevista a algún membro da súa familia. | TI | 40 |
| CA3.1.2. - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos informativos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | Ler de maneira silenciosa e en voz alta entrevistas. | | |
| CA5.1.2. - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos informativos de diversos medios informativos, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler textos informativos do seu interese | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información. | Valorar a literatura popular como fonte de coñecemento. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | | Baleiro | 0 |
| CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos. | | | |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | | | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Procesos: interacción oral - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo. - Procesos: produción escrita - Aplicación das normas ortográficas básicas adecuadas ao seu desenvolvemento cognitivo e cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación. |

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Produción de textos escritos e multimodais sinxelos, coherentes e con presentación coidada, utilizando en cada situación o modelo discursivo que corresponda. - Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. - Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses. - Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios). - Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. - Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - O son g. A diérese |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 4 | Como nos coidamos? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA6.3.2. - Recoñecer palabras homónimas. | Recoñecer nun texto palabras homónimas. Escribir palabras homónimas. | PE | 35 |
| CA6.5.3. - Aplicar os coñecementos sobre o son z | Recoñecer o son z. Escribir palabras con za, zo, zu, ce, ci. | | |
| CA6.5.4. - Recoñer os substantivos e os adxectivos nas oracións | Recoñecer adxectivos. Clasificar adxectivos segundo o xénero e o número. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Adaptar o seu discurso oral á situación cunha expresión oral coidada, correcta e respectuosa | TI | 65 |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprender o sentido dos contos. | | |
| CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística. | Escoitar activamente os demais en actividades colectivas | | |
| CA3.6.2. - Producir enquisas, en soporte escrito, en lingua galega. | Realizar unha enquisa aos alumnos de 4º curso. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---------|---|
| CA3.8 - Utilizar, de xeito acompañado, as bibliotecas de aula e de centro, respectando as súas normas básicas de organización e funcionamento e participando nas actividades organizadas e interesarse por formar unha pequena biblioteca propia con textos da literatura infantil galega. | Ser progresivamente máis autónomo no préstamo da biblioteca de centro | | |
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Valorar a literatura popular como fonte de coñecemento. | | |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler de forma autónoma libros da biblioteca do centro. | | |
| CA6.2.3. - Producir enquisas que inclúan palabras co son z | Elaborar enquisas que conteñan palabras co son z. | | |
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | | Baleiro | 0 |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | | | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. |

Contidos

- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero.
- Xéneros discursivos
- Procesos: interacción oral
- Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade.
- Procesos: produción oral.
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica.
- Procesos: produción escrita
- Modelos e estratexias elementais, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión de textos escritos sinxelos, en diferentes soportes (incluídos os dixitais), con distintos propósitos comunicativos.
- Construción da identidade lectora a través da lectura de textos en galego e adecuados aos seus intereses, procedentes de diversas fontes de información.
- Valoración dos textos literarios da literatura en xeral e especialmente da literatura galega como vehículo de comunicación e recurso de lecer persoal.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- O son z
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Recoñecemento de adxectivos.

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------|----------|
| 5 | Onde vivimos? | 12 |

| Crterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|------------------------|------------------------|----|---|
|------------------------|------------------------|----|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---------|----|
| CA2.1.3. - Comprender o sentido dos textos descritivos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprender o sentido dunha descrición dun lugar da súa contorna. | PE | 55 |
| CA6.2.4. - Producir textos descritivos que inclúan palabras con b | Realizar unha descrición dun lugar no que aparezan palabras con b. Recoñecer as palabras que se escriben con b. | | |
| CA6.5.5. - Recoñecer os artigos nas oracións | Recoñecer os artigos nun texto. Analizar os artigos . | | |
| CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións. | Expresarse de forma oral coidada e correcta. | TI | 45 |
| <ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Transformación de enunciados (substitución, cambio de orde, manipulación). - Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra. - Recoñecemento dos verbos. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------|-----------------|
| 11 | Realidade ou ficción? | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|-----------|----------|
| CA2.1.7. - Comprender o sentido dos textos teatrais, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes implícitas e explícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprende o sentido un texto teatral. | PE | 80 |
| CA3.4 - Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. | Localizar nun texto, xentilicios. | | |
| CA4.4 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura da información. | Buscar información de forma efectiva, segura e responsable en recursos dixitais | | |
| CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso de normas ortográficas sinxelas e adecuadas ao seu nivel, progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Escribir un texto empregando o punto, a interrogación e a admiración. Distinguir o suxeito do predicado. | | |
| CA6.3.7. - Recoñecer os xentilicios | Identificar os xentilicios nun texto. | | |
| CA5.1.7. - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos teatrais, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler de maneira autónoma ou acompañada textos teatrais. | TI | 20 |
| CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados. | Entoar axeitadamente un texto teatral en voz alta. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|-------------------------------|-----------|----------|
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | | Baleiro | 0 |
| CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañado de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Procesos: comprensión oral - Comprensión global e específica e identificación das ideas máis relevantes de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (gravacións, medios de comunicación, escoita oral de contos infantís). - Xéneros discursivos - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Procesos: comprensión lectora. - Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer. - Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses. - Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito. - O punto, a interrogación e a admiración. - Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas. - A oración. Suxeito e predicado. - Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. - O punto, a interrogación e a admiración |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 12 | Farémonos oír | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|----|
| CA3.6 - Producir textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación. | Escribir o deseño dunha páxina web. | PE | 65 |
| CA3.9 - Acadar as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua escrita.. | Distinguir as clases de oracións. Escibir con corrección ortográfica e gramatical nas producións escritas. | | |
| CA5.8 - Recoñecer recursos básicos da linguaxe literaria. | Recoñecer os recursos básicos da linguaxe narrativa, poética e dramaturxia | | |
| CA6.3.8. - Recoñecer as clases de oracións. | Recoñece diferentes oracións. | | |
| CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais. | Revisar e corrixir textos propios e alleos atendendo ás normas ortográficas e de puntuación. Usar correctamente dicionarios dixitais e en papel. | | |
| CA6.5 - Aplicar os coñecementos básicos sobre as categorías gramaticais e as regras de ortografía, fixando diferenzas co castelán, para favorecer unha comunicación máis eficaz. | Dar exemplos de familias de palabras. | | |
| CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero. | Adaptar o seu discurso oral á situación cunha expresión oral coidada, correcta e respectuosa coa perspectiva de xénero. | TI | 35 |
| CA2.1.2. - Comprender o sentido dos textos informativos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | Comprender a información presentada nunha páxina web. | | |
| CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero. | Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra | | |
| CA3.1.2. - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos informativos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | Ler de maneira silenciosa unha páxina web. | | |
| CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados. | Procurar en diferentes fontes seleccionando e organizando ben a información | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora. | Ler todo tipo de textos literarios de maneira autónoma | | |
| CA5.3 - Valorar os textos literarios e a literatura en xeral e especialmente en lingua galega, como fonte de lecer e información. | Valorar todo tipo de textos literarios. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido. | | Baleiro | 0 |
| CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita. | | | |
| CA6.3 - Formular conclusións elementais sobre o funcionamento da lingua galega, prestando especial atención á concordancia e ás relacións de significado entre as palabras (substantivos, adxectivos e verbos), a partir da observación, comparación e manipulación de palabras e enunciados, nun proceso acompañada de produción ou comprensión de textos en contextos significativos. | | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, tendo unha perspectiva de xénero. - Xéneros discursivos - Estratexias para a adquisición de destrezas básicas sobre xéneros discursivos propios do ámbito persoal, social e educativo (contido e forma). - Interese pola ampliación de vocabulario para unha mellor comunicación oral. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral. - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. |

Contidos

- Xéneros discursivos
- Estratexias para a coherencia e a cohesión na produción e reprodución de textos escritos, en lingua galega.
- Procesos: comprensión lectora.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Procesos: produción escrita
- Estratexias básicas de uso de fontes documentais diversas, tanto en papel como dixitais, para mellorar a expresión escrita en lingua galega e a elaboración de textos.
- Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito.
- A coma
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Tipos de oracións.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero e número) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- A coma.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras (substantivo, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario galego. Semellanzas e diferenzas de forma e significado entre palabras da mesma familia léxica ou semántica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán a cabo ao longo do curso. En cada sesión, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, establecerase unha rutina que permitirá desenvolver no alumnado a automatización nalgúns cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa e a aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, buscando o silencio e a recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A realización de diversas tarefas, actividades ou proxectos de xeito autónomo e/ou guiado por parte do alumnado será unha condición primordial para acadar unha aprendizaxe significativa. Todo isto, terá un enfoque globalizador, de carácter interdisciplinar, transversal, tratando de achegar o coñecemento científico ao alumnado.

A contorna será un medio idóneo para a adquisición de novas aprendizaxes, comezando polas máis próximas á súa realidade (sinxelas) e ata chegar a outras máis complexas.

O traballo individual, en pares ou en equipo (traballo colaborativo) serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado.

Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula.

En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas aprendizaxes. Así, partiremos sempre dos dos coñecementos previos do alumno; así como do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Teremos en conta a diversidade, respectando os ritmos e estilos de aprendizaxe; potenciando sempre metodoloxías activas (traballo individual e cooperativo, aprendizaxe por proxectos; lectura como elemento fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe).

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais impresos: libro de texto, dicionarios, caderno de actividades, fichas de reforzo/ampliación. e libros de lectura da biblioteca de aula. |
| Materiais manipulativos: xogos de vocabulario, memory, dados para crear contos. |
| Materiais tecnolóxicos: dez mini portátiles, ordenador, panel dixital. |
| Recursos dixitais: aula virtual do centro e da editorial Santillana, vídeos educativos, libros dixitais e aplicación ABALAR móbil. |

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao alumnado un amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicalos no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten unha aprendizaxe activa por parte do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Unha vez revisados os informes individualizados dos alumnos/as, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real do presente curso escolar. Tamén se requirirá información que se considere de especial interese, ao equipo docente do curso anterior, información que ampliará e complementará a obtida polos medios anteriormente descritos.

A avaliación inicial levarase a cabo ao longo da primeira semana do inicio do curso e servirá para poder establecer uns criterios claros e concisos do nivel mínimo da clase en xeral, de cada alumno/a en particular e para informar

sobre as dificultades que se detectan a nivel de necesidades de intervención do profesorado especialista en AL, PT, da que se dará cumprida información na Reunión de Avaliación que se realizará no centro.

Neste senso cómpre ter en conta tamén os informes individualizados do alumnado de nova incorporación ao centro, xa que son a única referencia previa dispoñible.

As probas de avaliación inicial consistirán nunha ficha para respostar de xeito escrito e comprobar os coñecementos de cada unha das materias correspondentes ao curso anterior. A partir do conxunto de datos obtidos das probas anteriormente citadas, comunicarase ao DO e ao equipo docente, as medidas que xa se poden ir tomando na aula (reforzos e/ou atención individualizada) e de ser posible e/ou necesario convir o modo de intervención máis eficaz daquelas posibles dificultades detectadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional. Estas necesidades quedan reflectidas nun documento que a titora entrega na Reunión de Avaliación anteriormente citada e que se celebrará o luns 25 de setembro.

As familias serán informadas de xeito individual nas titorías celebradas a partir do 2 de outubro.

Os resultados de dita avaliación cumprimentarémolos na aplicación XADE.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | UD 10 |
|-----------------------------|----------|----------|-----------|-----------|----------|----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 5 | 5 | 10 | 10 | 5 | 5 | 10 | 10 | 10 | 10 |
| Proba escrita | 55 | 65 | 60 | 35 | 55 | 40 | 50 | 50 | 65 | 60 |
| Táboa de indicadores | 45 | 35 | 40 | 65 | 45 | 60 | 50 | 50 | 35 | 40 |

| Unidade didáctica | UD 11 | UD 12 | Total |
|-----------------------------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 10 | 10 | 100 |
| Proba escrita | 80 | 65 | 57 |
| Táboa de indicadores | 20 | 35 | 43 |

Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación.

No tocante á cualificación dos trimestres, a nota extraerase da media ponderada obtida entre as cualificacións das UD que compoñen o trimestre. Para cualificar cada UD utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos... Asimemos na última sesión de cada UD haberá unha proba escrita, cuxa nota acadará a porcentaxe correspondente e na que se incluírán os contidos relacionados cos criterios de avaliación da UD que se cualifican con proba escrita.

Ao final de cada trimestre, unha vez avaliadas as 4 UD, obterase a media das catro e darán a nota da avaliación, segundo o xeito seguinte:

O 100% da nota da avaliación final obterase coa media ponderada das 3 avaliacións da seguinte forma: 1ª avaliación (30%), 2ª avaliación (30%) e 3ª avaliación (40%).

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, será isto o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade.

6. Medidas de atención á diversidade

Neste aspecto apoiáronos na Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Así, na etapa da educación primaria porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo (ACNEAE), entendidos como os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Deste xeito, no grupo de 3º de educación primaria adoptaremos as seguintes medidas ordinarias para dar resposta as necesidades do noso alumnado: adaptaremos tempos e instrumentos de avaliación, faremos reforzo educativo, recibiremos apoio por parte de mestres con dispoñibilidade horaria.

Do mesmo xeito, de ser insuficientes as ordinarias poremos en marcha as seguintes medidas extraordinarias: apoios do profesorado especialista en audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

Asimesmo, proricionaremos variedade de formas de representación dos contidos, por medio de imaxes, audios e vídeos; implicaremos aos discentes no seu aprendizaxe por medio de actividades que sexan relevantes para a vida cotiá dos alumnos/as e fomentaremos o traballo cooperativo na aula que entendan que traballar xuntos lles leva a conseguir un obxectivo.

No caso de que ao longo do curso algún discente teña dificultade para asistir ao centro por causas debidamente xustificadas empregaremos a aula virtual do centro, colgando as tarefas que imos facendo na clase e outras actividades de reforzo/ampliación. A maiores, as familias poderán vir ao centro a recoller os materiais que precisen para a realización das tarefas durante os días que estén na casa. Todo isto acompañado da comunicación coa familia a través de ABALAR ou do correo corporativo da XUNTA.

Por último, non nos podemos esquecer que na aula de terceiro teremos en conta o protocolo de absentismo no caso de que un alumnado falte máis do 10% do horario lectivo mensual, o de protección de datos así como o protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Fomento da actividade física e o deporte | X | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.1 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X |
| ET.2 - Comprensión lectora | X | X | X | X |
| ET.3 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento | X | X | X | X |
| ET.4 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos | X | X | X | X |
| ET.5 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | X | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres | X | X | X | X |
| ET.7 - Competencia dixital | X | X | X | X |
| ET.8 - Educación para a saúde | X | X | X | X |

| | UD 9 | UD 10 | UD 11 | UD 12 |
|---|------|-------|-------|-------|
| ET.9 - Fomento da actividade física e o deporte | X | X | X | X |

Observacións:

Os elementos transversais enumerados anteriormente, traballaranse tanto nas UD relacionadas co seu contido, como a través das diferentes actividades que se desenvolvan ao longo do curso. O traballo dos elementos transversais está implícito na labor docente, xa que debemos transmitir unha serie de valores e actitudes ao noso alumnado, tal como reflicte a lexislación vixente.

Os elementos transversais non pertencen exclusivamente a unha área en concreto, senón que deben ser abordados ao longo de todas elas.

Certos elementos transversais, como a expresión oral e escrita ou a resolución pacífica de conflitos estarán presentes ao longo de todas as unidades didácticas. Por outra banda, contidos como o desenvolvemento sustentable, serán abordados máis especificamente en unidades didácticas en concreto.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|---|----------|----------|----------|
| Obradoiro coa Fundación Legar | 1º trimestre do curso. Obradoiro de música e instrumentos tradicionais impartido pola Fundación Legar. | X | | |
| Obradoiro de cómic | 1º trimestre do curso. Obradoiro de cómic de medo na biblioteca do centro. | X | | |
| Ruta literaria en Quiroga | 1º trimestre do curso. Saída do centro escolar camiñando para a realización da ruta literaria sobre autores vinculados con Quiroga. | X | | |
| Visita ao Castelo de Castro Caldelas. | 2º trimestre do curso. Saída do centro escolar en autobús ata o Castelo de Castro Caldelas onde se desenvolverán as actividades. | | X | |
| Conto ao alumnado de 1º de Educación Primaria. | 3º trimestre do curso. Lectura dun conto aos alumnos/as de 1º de Educación Primaria | | | X |

Observacións:

Arrolos. Obradoiro de música tradicional impartido pola Fundación Legar. O 20 de outubro, acudiremos xunto co resto do alumnado do colexio á Casa da Cultura de Quiroga onde participaremos nun obradoir de música tradicional impartido polos membros da Fundación Legar. Con esta actividade contribuímos ao C1.2 - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma así como CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido.

Obradoiro de cómic na biblioteca do centro. Esta actividade realizáremola na semana do 23 ao 27 de outubro. Consistirá na elaboración de cómics de medo ambientados no Xeoparque. Deste xeito contribuímos ao bloque de contidos III (comunicación escrita) xa que produciremos textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, en lingua galega, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e iniciándose, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.

"Ruta literaria" Esta actividade realizarase no 1º trimestre do curso, no mes de novembro, co fin de afondar na historia da vila a través de sete escritores. O percorrido realizáremolo camiñando acompañados dun guía do concello. Precisaremos un dispositivo móbil que nos descifre os códigos QR para escoitar grabacións de fragmentos da obra dos autores. Esta actividade relacionámola coa área de Lingua Galega, concretamente co bloque de contidos 5 (educación literaria) xa que realizaremos unha lectura acompañada e comentada de diversos textos literario en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.

"Visita ao Castelo de Castro Caldelas" Esta actividade realizarase no 2º trimestre do curso co fin de afondar na historia de Galicia. Desprazáremonos en autobús e alí contaremos coa axuda dun guía que nos ensinará o Castelo e aportará información de interese. Esta actividade relacionámola coa área de Lingua Galega xa que abordaremos o bloque de contidos 2 (comunicación oral) posto que durante a visita os alumnos/as terán unha participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas da visita.

Conto aos alumnos/as de 1º de Educación Primaria: Esta actividade realizáremola no 3º trimestre. Así pois, os alumnos/as de 3º de educación primaria contaránlle un conto aos alumnos/as de 1º de primaria. Escolleremos o conto despois de averiguar os intereses dos alumnos/as de 1º curso. O espazo no que se realizará a actividade será a biblioteca do centro. Esta actividade relacionámola coa área de Lingua Galega xa que abordaremos o bloque de contidos 5 (educación literaria) xa que realizarán unha lectura expresiva, dramatización e interpretación de fragmentos así como familiarizaranse co funcionamento da biblioteca de aula e do centro como escenario de actividades literarias compartidas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

| |
|--|
| Préstase atención aos elementos transversais plantexados? |
| Infórmase ao alumnado dos resultados obtidos nas diferentes probas? |
| Infórmase ao alumnado dos erros cometidos nas diferentes probas, tarefas ou actividades? |
| Metodoloxía empregada |
| Conseguíuse motivar ao alumnado? |
| Elabóranse diferentes actividades segundo o nivel de desenvolvemento do alumnado? |
| Medidas de atención á diversidade |
| Ofréceselle ao alumnado as explicacións individuais que precisan? |
| Adáptanse as probas aos diferenets ritmos e estilos de aprendizaxe? |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| Cal é o grao de coordinación co resto do equipo docente? |

Descrición:

Cando falamos de avaliación, o primeiro que se nos ven á cabeza é a avaliación do alumnado, mais non adoitamos ter en consideración a propia práctica docente. O propio Decreto que establece o currículo, no seu artigo 21 de avaliación e promoción e a Orde e 26 de maio de 2023 por la que se desenvolve o Decreto 155 recollen a necesidade de establecer indicadores de logro para avaliar os procesos de ensino e a súa propia práctica docente nas programacións didácticas. Os instrumentos de avaliación serán táboas de indicadores nas que figurarán os ítems anteriormente descritos. A temporalización desta avaliación será de carácter mensual nas reunións do 2º ciclo e trimestralmente nas sesións de avaliación do equipo docente de 3º de educación primaria.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a realización do seguimento da programación empregaremos unha táboa cuns indicadores de logro que valoraremos de 1-4 atendendo ás seguintes cuestións.

- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- Vinculouse cada contido a un/varios instrumentos para a súa avaliación?

Asimesmo, o seguimento da programación realizarase ao rematar cada unidade didáctica a través da aplicación informática PROENS. Dita información trasladarase, para a súa valoración e análise, ao equipo do 2º ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas.

9. Outros apartados